

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 13 de decembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 56914 (10/POC-008937)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre o anuncio pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da declaración de emerxencia cinexética respecto do xabaril en trinta e tres concellos de Galicia, e as súas previsións respecto da elaboración dun plan de xestión que permita o control da poboación da especie  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019*
- 1.2 57057 (10/POC-008954)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar  
Sobre os estudos realizados pola Xunta de Galicia para a declaración de zonas de emerxencia cinexética temporal e a autorización da caza todos os días da semana nos trinta e tres concellos das comarcas de Betanzos-O Eume, da Terra Chá, Vde iana e do Deza, os criterios seguidos para a elección deses concellos e as previsións ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019*
- 1.3 58307 (10/POC-009150)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Rodríguez Estévez, David e 3 máis  
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para retirar das axudas agroambientais as da Consellería do Medio Rural, co fin de deixar sen executar 116 millóns de euros do seu orzamento no ano 2018, así como as das axencias vinculadas a ela, para non gastar nin a metade do seu para ese ano  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 557, do 06.11.2019*
- 1.4 58765 (10/POC-009194)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Vega Pérez, Daniel e 6 máis  
Sobre as actuacións que está a impulsar o Goberno galego para

promocionar as razas gandeiras autóctonas e, de xeito desagregado, para cada unha das especies, e as medidas que se están a aplicar para poñer en valor os produtos e derivados lácteos, así como para a transformación do leite

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019*

- 1.5 59158 (10/POC-009243)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto que están a ter as casas niño e as casas do maior nas zonas rurais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019*
- 1.6 59219 (10/POC-009251)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilar Chento, Óscar e 3 máis  
Sobre as razóns da demora do Goberno galego no inicio do estudo da praga de roedores detectada en varias zonas da provincia de Lugo, así como na execución dun plan de seguimento xunto cun plan de prevención, as medidas adoptadas ou previstas ao respecto e as axudas programadas pola Consellería do Medio Rural para o sector afectado  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019*

## **Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 50665 (10/PNC-004088)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas externalidades positivas dos terreos inseridos na Rede Natura 2000 e outras figuras de protección ambiental, así como os custos que lles ocasiona aos seus titulares a súa xestión  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019*
- 2.2 55118 (10/PNC-004376)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para avaliar a posibilidade de implantar métodos non letais para o control da fauna silvestre, así como para previr os accidentes que causa na rede viaria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019*



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2019

Daniel Vega Pérez  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Marcos Cal Ogando	GCE
Jackeline Elizabeth Fernández Macías	P
Carlos Gómez Salgado	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	M
Óscar Vilar Chento	S

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 56914(10/POC-008937)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o anuncio pola Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Vivenda da declaración de emerxencia cinexética  
respecto do xabaril en trinta e tres concellos de Galicia, e  
as súas previsións respecto da elaboración dun plan de  
xestión que permita o control da poboación da especie

*Publicación da iniciativa, 544, 09.10.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2019 12:39:40  
Nº Rexistro: 56914  
Data envío: 03/10/2019 12:39:40.624

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

O pasado día 1 de outubro, inesperadamente, a Consellería de Medio Ambiente anuncia que vai declarar unha “Emerxencia Cinexética” en catro zonas do País que abranguen 33 concellos, un feito insólito pero previsto no propio regulamento de caza do ano 2001.

Mais tamén resulta chamativo, que o día 2 de outubro o Diario Oficial de Galicia, (nº 187) publique a Resolución do 23 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se modifica a Resolución do 15 de maio de 2019 na que se determinan as épocas hábiles de caza, recolle unha serie de medidas para actuar fronte ao xabarl. Isto vén poñer de manifesta evidencia que existe nesta cuestión tal dimensión de improvisación que resulta preocupante.

Esta declaración conleva unha serie de medidas que desde o BNG consideramos fóra de lugar que ademais de perigosas para a poboación humana por introduciren medidas de altísimo risco, non sopesa as implicacións ás que se lles responsabiliza aos TECORES cinexéticos, por exemplo a efectos de responder ante posibles accidentes de tráfico nos días que haxa caza, ou a ampliar os custes de vixilancia, amén de non dar solución real ó problema do xabarl, dos danos que este causa na agricultura e da

CSM-REXISTRO XERAL  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/10/2019 12:39:40**  
**Nº Rexistro: 56914**  
Data envío: 03/10/2019 12:39:40.624

ameaza que potencialmente representa para a sanidade da poboación porcina como vector transmisor da PPA.

A inacción e a desidia mostrada ó longo destes anos no tratamento deste problema contrasta coa présa que lle entra ós responsables políticos do PP neste último ano, digamos que abondoso en períodos electorais. As políticas levadas a cabo ata o ano 2016 foron de axudas á prevención e ós danos ocasionados e deixáronse de convocar ata este 2019. A resposta que se nos deu desde a Consellería foi que non había queixas dabondo e que o problema non era tal.

En 2019, unha intensificación das batidas de caza e unha orde de axudas insultante polo descoñecemento do problema de parte de quen a confeccionou e que exclúe cultivos esenciais e inclúe outros que non existen neste noso país, semellaba dar remate a esta sucesión de desatinos. Pero non, a declaración de Emerxencia Cinexética superaría tódalas posibilidades na sucesión de despropósitos.

Non hai Plan de Xestión da especie, non hai censo por comarcas, non hai protocolos nin medidas de Bioseguridade... Só caza, caza e caza... iso si, neste momento a declaración de emerxencia ata os mesmos cazadores a cualifican de medida irresponsable pola falta de medidas de seguridade.

No monte e nos cultivos, mesmo en inverno hai xente traballando, apañando cogomelos, castañas, practicando sendeirismo, ciclismo... xente, persoas e tamén fauna que desde xa e ata marzo corren perigo na súa integridade física e mesmo na súa vida.

Rifles, balas, miras telescópicas, batidas non organizadas como marca a lei, esperas erráticas, diúrnas e nocturnas, modalidades propias da caza menor e individuais para presas de caza maior, gandeiros armados... Medidas todas elas de dubidosa legalidade. En conxunto un cúmulo de ocorrencias que denota, e é obriga dicilo, que as

CSX: REXISTRO: xcdH18PxB  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/10/2019 12:39:40**  
**Nº Registro: 56914**  
Data envío: 03/10/2019 12:39:40.624

cabezas que pensan isto non saben moi ben de que vai o asunto. Trátase da lei do mínimo esforzo que vén practicando o goberno galego desde hai xa anos. Pasar a outros o peso da xestión do problema incluídas as cargas económicas. Nunha nova mostra de irresponsabilidade política botan todo o peso nos tecores, mesmo o dos danos nos accidentes automobilísticos provocados polo porco bravo que a partir de agora incrementaranse pois tódolos días poderán ser de caza, se así se solicita, e de movemento desesperado das piaras e dos exemplares solitarios.

A declaración de emerxencia cinexética só debería sustentarse no caso de contar con datos de partida elementais, é dicir, a partir de estimas de poboación obtidos con métodos técnicos contrastados, de demostrarse a suposta sobreabundancia. Preguntándonos de onde parten os datos poboacionais cos que declaran as zonas con maior incidencia? A información que vostedes empregan non a creen nin os seus propios técnicos, procedente tan só do número de avisos deixados nun teléfono no que ninguén cree... Metodoloxía científica de última hora.

Medidas de bioseguridade? Mover a carne dos exemplares cobrados é un risco maior có movemento dos exemplares vivos.

Tomaron en conta o alcance da bala saída do cano dun rifle? O dano que pode causar a bala perdida? Que seguridade ofrece que haxa gandeiros cazando ao salto ou en esperas en lugares do monte inconcretos sen sinalizar e advertir durante calquera día da semana? A inseguridade que imos sentir a xente que vivimos no campo durante este período tanto de día coma de noite? Vostedes semella que chaman polos accidentes, e isto de prosperar pode acabar mal.

CSX: REXISTRO:ROT:xcdfH8PxB  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/10/2019 12:39:40**  
**Nº Registro: 56914**  
Data envío: 03/10/2019 12:39:40.624

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

--En que realidades obxectivas se basea a Consellería para declarar a emerxencia cinexética sobre o Xabaril?

--Mediu o goberno galego as consecuencias que esta medida ten sobre a seguridade das persoas das zonas afectadas?

--Mediu o goberno galego as consecuencias que esta medida ten sobre a seguridade vial nas zonas afectadas?

--Caeu na conta das consecuencias económicas que esta medida vai ter nos tecores?

--Existe algún estima poboacional, mediante métodos de censo, da especie feito con algunha base científica no País galego?

--Pensan elaborar algún día algún plan de xestión serio, cientificamente artellado que permita o manexo poboacional da especie?

--Pensan elaborar algún día algún protocolo de bioseguridade para planificar con tempo, de modo organizado, e en contacto permanente con todos os axentes implicados, para facer fronte a un escenario previo de chegada da peste porcina africana.

--Que papel desempeñan os representantes da Xunta nas reunións celebradas durante este 2019 na Conferencia Estatal Sectorial de Agricultura, cun grupo de traballo específico creado para este fin, na que se veñen coordinando as CCAA e o goberno do Estado?

CSV REGISTRO: ccdHWSF8  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/10/2019 12:39:40**  
**Nº Registro: 56914**  
Data envío: 03/10/2019 12:39:40.624

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2019 12:33:48**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2019 12:33:56**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2019 12:34:01**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2019 12:34:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2019 12:34:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2019 12:34:23**

CSV: REXISTROT:cdHWSFxB  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 13.12.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 57057(10/POC-008954)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar

Sobre os estudos realizados pola Xunta de Galicia para a declaración de zonas de emerxencia cinexética temporal e a autorización da caza todos os días da semana nos trinta e tres concellos das comarcas de Betanzos-O Eume, da Terra Chá, Vde iana e do Deza, os criterios seguidos para a elección deses concellos e as previsións ao respecto

*Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/10/2019 12:08:32  
Nº Rexistro: 57057  
Data envío: 07/10/2019 12:08:32.589

## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O día 2 de outubro publicábase no DOG a RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se modifica a Resolución do 15 de maio de 2019, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2019/20

Pero antes, o día 30 de setembro coñeciamos a través da prensa escrita que en máis de 30 concellos: poderase cazar todos os días ata marzo.

Segundo a directora xeral de Patrimonio Natural, na nova tempada de caza, a novidade máis importante é a declaración de zonas de emerxencia cinexética temporal nas comarcas de Betanzos - Eume, Terra Chá, Viana e Deza, por concentrar a maioría dos avisos por danos.

Nos terreos cinexéticos dos 33 concellos que forman estas comarcas durante a tempada de caza non hai límite de exemplares e a caza esta permitida todos os días da semana, con comunicación previa ás xefaturas territoriais.

O xabaril, no tema de tráfico, tamén ampliou o seu radio de actuación ata ser, a día de hoxe, unha das principais causas da sinistralidade viaria, ata o 5 de setembro producíronse 1.805 accidentes de tráfico relacionados con este animal, máis de sete ao día.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten feito algún estudo a Xunta de Galicia polo que adoptou a decisión de cazar todos os días da semana, en caso afirmativo, cal?

2ª) Cales foron os criterios para escoller os concellos onde se aplicará esta actuación?

3ª) Vai a Xunta de Galicia admitir comunicacións previas que non sexan solicitadas polo Tecor?





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/10/2019 12:08:32**  
**Nº Registro: 57057**  
Data envío: 07/10/2019 12:08:32.589

4ª) Tendo en conta as críticas desde diferentes colectivos, contaron coa opinión dos distintos axentes sectoriais para tomar era decisión?

5ª) Cal é o número mínimo de cazadores para poder cazar xabaris todos os días da semana?

6ª) As comunicacións previas, cantos días de validez teñen?

7ª) Teñen previsto o aumento do custe dos seguros de responsabilidade civil dos Tecor?

8ª) Cales son as condicións en relación aos días permitidos nas zonas libres?

9ª) Ten a Xunta de Galicia identificados os puntos negros de atropelos de xabaril?

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2019

Pazo do nas estradas galegas, en caso afirmativo, especificados por estrada e concello?

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/10/2019 11:18:28**

**Oscar Vilar Chento na data 07/10/2019 11:18:48**



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 58307(10/POC-009150)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para retirar das axudas agroambientais as da Consellería do Medio Rural, co fin de deixar sen executar 116 millóns de euros do seu orzamento no ano 2018, así como as das axencias vinculadas a ela, para non gastar nin a metade do seu para ese ano

*Publicación da iniciativa, 557, 06.11.2019*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/10/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58307  
Data envío: 30/10/2019 14:10:33.236

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal e Paula Vázquez Veroa**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.<sup>a</sup>**

O informe da Conta do ano 2018, presentado pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia indica que Medio Rural non executou o total do orzamento do que dispuña. Así deixou de executar 116.037 millóns de euros, algo que tamén sinalou o Sindicato Labrego Galego.

Outra axencia na que se deu o mesmo feito é AGADER, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que deixou sen executar 11.895 millóns de euros, o que supón o 49,09% do seu orzamento.

Por outra banda, a Consellería sinalou que vai rematar coas axudas agroambientais porque o sector non as pide.

Estas axudas agroambientais, que dependen da financiación da Política Agraria Común, teñen como obxectivos a produción de alimentos ecolóxicos cun carácter marcadamente medioambiental, axudando na loita contra o cambio climático e a xestión sostible dos recursos naturais mentres permiten a modernización das infraestruturas gandeiras, o acceso a estes produtos polas persoas consumidoras mentres se permite que gandería e agricultura teñan uns ingresos mínimos, e todo coa conservación das mesmas e do paisaxe conforme aos mandatos da Unión Europea. Todas estas axudas, que inda subsistirán ata o ano 2021, non volverán a convocarse para vindeiros anos mentres se revisa a PAC e hai un novo PDR.

CSM-REXISTROXERALMIX5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





Porén, este dato de que o sector da agricultura e gandería non demanda estas axudas agroambientais é rotundamente falso. O Sindicato Labrego di que benefician ás granxas con modelos sustentables de produción que supoñen arredor de 4000 nas provincias de Lugo e Ourense. Estas subvencións supoñen un impulso importante para estas granxas que, no caso do sector vacún de carne, axudan á supervivencia das mesmas, sempre moi vencelladas ao territorio, e que se conxelarán a partir do ano 2021 mentres dure a reforma da Política Agraria Común.

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego xa sinalara da paralización destas axudas agroambientais, nos anos 2020 e 2021 desde que comezou a reforma da PAC, que a Xunta, a través da Consellería de Medio Rural podía adiantar tal e como aconteceu noutras comunidades, como en Castela e León na que se creou unha partida de 56 millóns de euros.

Ademais, esta política de recorte contrasta con que non se gasten os cartos orzamentados, como no caso de AGADER, axencia dependente da Consellería de Medio Rural, na que non se gastaron os cartos que había dispoñibles, para unha axencia que conta entre os seus programas a de promoción e fixación de persoas no rural, e desenvolvemento económico ligado ao campo e aos sectores produtivos que nel se desenvolven.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada do Grupo Parlamentario Mixto presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

1.- Por que vai retirar a Xunta de Galicia as axudas agroambientais? Con que sectores falou a Xunta para tomar esta decisión? Consultouse cas posibles explotacións e sectores a finalización destas axudas?





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/10/2019 16:30:00**  
**Nº Registro: 58307**  
Data envío: 30/10/2019 14:10:33.236

2.- Pensa a Xunta que sectores como o leite, carne de vacún ou de porco, e sector da agricultura non están interesados en mellorar as explotacións e ofrecer produtos de calidade con alto valor engadido?

3.- Por que deixou a Xunta sen gastar 116 millóns de euros da Consellería de Medio Rural?

4.- Por que outras axencias vinculadas á Consellería de Medio Rural, como AGADER, non gastaron nin tan sequera a metade do que tiñan presupostado?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez  
Luís Villares Naveira  
Francisco Casal Vidal  
Paula Vázquez Vero  
Deputados e deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 30/10/2019 13:58:21**

**Paula Vázquez Vero na data 30/10/2019 13:58:32**

**Luis Villares Naveira na data 30/10/2019 13:58:42**

**Francisco Casal Vidal na data 30/10/2019 13:58:52**

CSX4 REGISTRO VMKMK0X5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 13.12.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 58765(10/POC-009194)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre as actuacións que está a impulsar o Goberno galego para promocionar as razas gandeiras autóctonas e, de xeito desagregado, para cada unha das especies, e as medidas que se están a aplicar para poñer en valor os produtos e derivados lácteos, así como para a transformación do leite

*Publicación da iniciativa, 564, 19.11.2019*

## A Mesa do Parlamento

**Daniel Vega Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Jackeline E. Fernández Macías, Carlos Gómez Salgado, Rosa Oubiña Solla e Miguel Prado Patiño**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O medio rural ocupa 4/5 partes do territorio galego, pero nel só vive o 25% da poboación, cando nos anos 50 esa porcentaxe era do 80%. Ademais, só o 15% das persoas ocupadas que residen no rural teñen como actividade principal a agricultura.

Esta perda do peso do rural leva aparelada un aumento da despoboación e o abandono de terras agrarias; de aí a importancia de traballar en políticas que impulsen este sector que, sen lugar a dúbidas, é un dos máis importantes que ten a nosa Comunidade e, por tanto, un dos piares económicos do país.

Por tanto, cremos necesario darlle prioridade ao emprendemento no rural, así como destinar esforzos a facelo rendible economicamente, apostando pola calidade e a diferenciación para revalorizar o seus produtos tanto agrícolas como gandeiros, así como a promoción das razas autóctonas.

Temos que ser competitivos e para iso temos que buscar a excelencia. Este será o camiño para revitalizar e consolidar o sector primario. Nesta necesidade, a Xunta de Galicia leva traballando incesantemente e para elo está a activar distintas medidas que revertan no beneficio do sector e dos produtores galegos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que actuacións impulsa o Goberno autonómico para a promoción de razas autóctonas gandeiras, e, dun xeito desagregado, para cada unha das especies?





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 12/11/2019 12:22:48  
**Nº Registro: 58765**  
Data envío: 12/11/2019 12:22:48.649

2. Que medidas se están aplicar para a posta en valor dos produtos e derivados lácteos, así como para a transformación do leite co fin que o sector sexa máis competitivo?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 12/11/2019 12:11:35**

**Moisés Blanco Paradelo na data 12/11/2019 12:11:50**

**Raquel Arias Rodríguez na data 12/11/2019 12:12:07**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 12/11/2019 12:12:25**

**Carlos Gómez Salgado na data 12/11/2019 12:12:33**

**Rosa Oubiña Solla na data 12/11/2019 12:12:44**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 12/11/2019 12:12:52**



CSV: REXYSTROVTGS44EK1

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 59158(10/POC-009243)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto que están a ter as casas niño e as casas do maior nas zonas rurais

*Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2019 17:55:49  
**Nº Rexistro: 59158**  
Data envío: 20/11/2019 17:55:49.093

## Á Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Jackeline Fernández Macías, Carlos Gómez Salgado, Rosa Oubiña Solla, Diego Calvo Pouso, Jesús Miguel Prado Patiño e Daniel Vega Pérez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Unha das máximas prioridades da Xunta de Galicia é o reequilibrio territorial garantindo que os habitantes das zonas rurais dispoñan dos mesmos servizos que os da zona urbana. Un obxectivo fundamental na nosa comunidade, eminentemente rural, chave para favorecer o asentamento de poboación nos concellos de menos de 5.000 habitantes e para facer fronte ao reto demográfico.

Por este motivo, o Goberno galego leva anos implantando numerosas medidas, tanto para facilitar a permanencia da veciñanza nestes municipios como para promover a mobilidade cara estes territorios. Actuacións coas que a Xunta pretende que vivir no rural e do rural sexa máis beneficioso, doado e atractivo.

Un obxectivo transversal no que o Goberno galego está traballando dende todas as áreas, tanto con medidas exclusivas para o rural como coa aplicación de criterios de discriminación positiva para as zonas rurais sobre accións globais, como é o caso da Tarxeta Benvida, da que se benefician todos os pais e nais de Galicia, pero que será máis cuantiosa para aquelas familias que decidan ter fillos no rural.

Do mesmo xeito, a Xunta pon en marcha medidas especificamente creadas para estes territorios, como é o caso das sucesivas baixadas de impostos para o rural, ou todas as iniciativas para blindar os servizos básicos nestas zonas, dende os farmacéuticos, a atención sanitaria ou os servizos bancarios.

Neste apartado enmárcanse as casas niño e as casas do maior. Trátase de recursos de atención para nenas e nenos de 0 a 3 anos, e para os maiores respectivamente. O seu obxectivo é garantir os servizos de atención á infancia e os servizos de atención aos maiores naqueles concellos de menos de 5.000 habitantes tendo en conta ás especiais circunstancias das contornas rurais, cun máximo de cinco prazas por centro e atendidos por profesionais especializados.

No caso das casas niño, cabe destacar a importancia destes centros como recursos de conciliación, vitais para que as familias poidan coidar aos seus fillos nos municipios

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTROGALICIA  
Verificación  
https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/







**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2019 17:55:49  
Nº Rexistro: 59158  
Data envío: 20/11/2019 17:55:49.093**

pouco poboados en condicións de equidade con respecto ao urbano e, ao mesmo tempo, favorecendo a igualdade e a corresponsabilidade.

En canto ás casas do maior, son vitais para cumprir as expectativas de arraigo das persoas de máis idade, garantindo que se fagan maiores nos concellos onde queren vivir e ao mesmo tempo contribuír ao respiro familiar.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en comisión:

-Que valoración fai o Goberno galego do impacto que están a ter as casas niño e as casas do maior nas contornas rurais?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 20/11/2019 17:51:47**

**Moisés Blanco Paradelo na data 20/11/2019 17:53:07**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 20/11/2019 17:53:29**

**Carlos Gómez Salgado na data 20/11/2019 17:53:46**

**Diego Calvo Pouso na data 20/11/2019 17:54:01**

**Rosa Oubiña Solla na data 20/11/2019 17:54:25**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 20/11/2019 17:54:52**

**Daniel Vega Pérez na data 20/11/2019 17:55:01**



CSV REXISTRO05esxVAM5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 13.12.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 59219(10/POC-009251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e 3 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no inicio do estudo da praga de roedores detectada en varias zonas da provincia de Lugo, así como na execución dun plan de seguimento xunto cun plan de prevención, as medidas adoptadas ou previstas ao respecto e as axudas programadas pola Consellería do Medio Rural para o sector afectado

*Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019*





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2019 16:42:51**  
**Nº Registro: 59219**  
Data envío: 21/11/2019 16:42:51.684

A comezos da primavera deste ano o problema agravouse e os gandeiros e agricultores trasladaron a problemática á Administración autonómica a través dun encontro co servizo da Xefatura Territorial de Lugo (Consellería de Medio Ambiente).

No dito encontro, a Administración reconece o problema, e informa aos afectados que se teñen que tomar medidas de xeito inmediato para tratar de frear a praga de roedores.

A Xunta, malia ter reconecido o problema no mes de abril, non ofrece ningunha resposta ata novembro cando este asunto salta á prensa.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Cales son as causas que provocaron a falta de dilixencia da Administración galega á hora de comezar co estudo da praga?

2ª. Por que non se ten realizado un plan de seguimento xunto cun plan de prevención?

3ª. Que medidas adoptou, ou vai adoptar o Goberno galego en relación coa praga de roedores en varias zonas da provincia de Lugo e, cal é o calendario de actividades que ten planificado a Consellería do Medio Rural?

4ª. De que especie se trata e, como se vai controlar?

5ª. É consciente a Xunta de Galicia das perdas económicas, e medioambientais que esta a provocar e pode seguir provocando esta praga?

6ª. Ten programada a Consellería do Medio Rural algunha axuda destinada ao sector afectado?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 21/11/2019 16:40:51**

CSX REGISTRO069605P7  
Oscar Vilar Chento  
<https://seccs.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2019 16:42:51**  
**Nº Rexistro: 59219**  
Data envío: 21/11/2019 16:42:51.684

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/11/2019 16:41:03**

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/11/2019 16:41:22**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/11/2019 16:41:35**

CSX REGISTRO0496R05P7  
Validador  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 50665(10/PNC-004088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas externalidades positivas dos terreos inseridos na Rede Natura 2000 e outras figuras de protección ambiental, así como os custos que lles ocasiona aos seus titulares a súa xestión

*Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/06/2019 12:45:44  
**Nº Rexistro: 50665**  
Data envío: 05/06/2019 12:45:44.900

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os espazos sitos en Rede Natura, e en outras figuras de protección medioambiental, representan a biodiversidade e son o máximo expoñente da riqueza natural e paisaxística de Galicia e deberían ser considerados como unha oportunidade para o desenvolvemento rural.

Os espazos protexidos medioambientalmente teñen hipotecas de certos usos para as terras neles ubicadas, hipotecas de usos, que en aras do ben común, limitan a capacidade de decidir dos titulares como por en valor as súas propiedades.

Debido ó abandono, a falta de proxectos impulsores de dinámicas que creen riqueza e fixen poboación capaz de xestionar estes espazos fan que as condicións que rodean estas figuras de protección sexan unha lousa que se abate sobre a pouca xente que se atreve a vivir nestes territorios.

Sen embargo estes territorios sitos nas figuras de protección ambiental (titularidades particulares e montes veciñais en man común) xeran externalidades positivas para o conxunto da sociedade. Entre estas externalidades poderíamos citar:

CSM-REXISTROS/2019/7718  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/06/2019 12:45:44**  
**Nº Rexistro: 50665**  
Data envío: 05/06/2019 12:45:44.900

-Conservación, restauración e mellora do patrimonio natural, da biodiversidade e da paisaxe.

-Conservación dos solos e do réxime hidrolóxico evitando a desertización.

-Fixación do dióxido de carbono contribuíndo á mitigación do cambio climático.

-Recarga de acuíferos e prevención de riscos xeolóxicos.

-Uso público.

Para que estes espazos protexidos cumpran estas externalidades das que se beneficia a sociedade galega no seu conxunto e que están cuantificadas economicamente, para que xeren dinamización no medio rural teñen que estar xestionados e non abandonados.

Pero esta xestión tradúcese en custes para os titulares dos mesmos. Teñen que ter planos de ordenación, faceren traballos de silvicultura, manteren equipos para combateren os lumes...

Parece lóxico, pois, que por estas externalidades os titulares reciben certas compensacións, non entendidas coma esmola ou gracias, trataríase dunha redistribución dos custes medioambientais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/06/2019 12:45:44  
Nº Rexistro: 50665  
Data envío: 05/06/2019 12:45:44.900

proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Desenvolver as actuacións necesarias en orde á tramitación e aprobación dun proxecto de regulamentación de mecanismos necesarios e condicións para incentivar as externalidades positivas dos terreos que se encontren en Rede Natura e outras figuras de protección ambiental.

-Establecer pagos directos ós titulares das terras (particulares e veciñais) nas zonas de alta montaña ou despoboadas, co fin de incrementar as rendas e poidan fixar poboación .

- Incrementar a porcentaxe ata o 100% nas liñas de axudas referidas a Traballos de Silvicultura, plantacións, incremento da superficie de frondosas. posta en valor do monte de xeito multifuncional e sustentable, proxectos dinamizadores do medio rural...

-Adaptar ó medio (traballos manuais, retirada dos restos de xeito non agresivo...) as axudas para a prevención e loita contra os lumes forestais ademais do que a porcentaxe da axuda debe ser do 100%.”

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/06/2019 12:45:44**  
**Nº Rexistro: 50665**  
Data envío: 05/06/2019 12:45:44.900

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/06/2019 12:06:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/06/2019 12:06:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/06/2019 12:07:07**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2019 12:08:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/06/2019 12:08:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2019 12:08:35**



CSX: REXISTROSMP1V71K8

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 55118(10/PNC-004376)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para avaliar a posibilidade de implantar métodos non letais para o control da fauna silvestre, así como para previr os accidentes que causa na rede viaria

*Publicación da iniciativa, 528, 11.09.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>**, sobre o emprego de estratexias non letais para o control da fauna silvestre.

### Exposición de motivos

A autorización de batidas, en diferentes modalidades, vén sendo a única solución que ofrece a Xunta de Galicia diante das chamadas de atención de gandeiros e agricultores que perden parte do seu traballo por mor da aparición de animais silvestres nos seus espazos de traballo, responsabilizando aos seres vivos dunha problemática moito máis fonda de falta de políticas no rural por parte do executivo autonómico.

Así, resulta habitual que as sociedades de cazadores de cada zona saian declarando as bondades do seu pasatempo, que non é outra cousa que saír aos montes galegos a cazar animais cunha escopeta ou coa axuda de cans que, algúns rematan perdidos, feridos ou mesmo mortos, sen que exista ningún control sobre esta problemática de benestar animal.

Diferentes estudos teñen advertido que a presión da caza exerce un papel de 'rebote' nas poboacións de animais cualificados como "cinexéticos", como o caso do xabaril, do raposo ou dos coellos, contribuindo a un incremento destas poboacións por culpa da excesiva presión á que se somete a estas especies, o que deriva en máis incursións a terreos de aproveitamento agrícola, invasión de vías





de tránsito rodado, co conseguinte risco, e a enésima autorización de novas batidas.

A pobreza argumental dos cazadores é evidente. Non existe ningún traballo científico que avale esta práctica como método de control da poboación de fauna silvestre e moito menos que unha batida poida desenvolver papel algún na redución de danos en colleitas ou en explotacións gandeiras. Non se demostra porque non interesa comezar a xustificar a barbaridade de milleiros de autorizacións de batidas fóra da preceptiva tempada de caza, evidenciando a privatización dos espazos naturais no noso país en beneficio dunha ultraminoría.

O noso campo precisa de políticas valentes, de peso, que contribúan á fixación de poboación, á creación de emprego e a potenciación dos sectores produtivos, que pasa non só por traballar con estas poboacións, senón tamén por reflexionar sobre o papel que os agricultores e agricultoras galegas teñen no sistema de produción, con prezos fixados por grandes corporacións e onde a primeira parte leva o peor resultado.

A ineficacia da caza no control de especies pon sobre a mesa novas propostas e alternativas que se están aplicar en diferentes puntos de España, que destacan pola súa ética e pola necesidade de non ter que masacrar animais. Así, se propoñen accións como os valados, o control das fontes de alimento, a delimitación de zonas a través de recursos olfactivos, a introdución de comedeiros forestais, a prohibición absoluta da caza de depredadores, como o lobo e mesmo o control de natalidade con métodos anticonceptivos, como a esterilización.

Varios municipios de Cataluña xa amosaron a súa disposición a testar este tipo de métodos éticos coa fauna, polo que a Xunta debería comezar a estudar e avaliar a implantación de modelos alternativos á simple autorización de cacerías. Tamén países europeos teñen instalado reflectores nas súas autoestradas e estradas,





reducindo de maneira importante o número de accidentes e avistamentos de corzos e xabarís.

Así, a última ocorrencia da Xunta de autorizar batidas con arqueiros en zonas periurbanas, como o caso máis coñecido de Lugo, e cuns resultados catastróficos a pesares do triunfalismo do goberno, poñen sobre a mesa o ineludible debate sobre en que mans se atopan as potenciais políticas de convivencia coa fauna silvestre, se en persoas expertas ou en lobbies interesados no mantemento de determinadas prácticas cruentas que non amosan un aval científico claro e que non superarían unha revisión por parte de profesionais.

Outro exemplo vén da Deputación de Barcelona, xunto coa Generalitat, que desenvolveu unha guía pioneira en todo o Estado español na que se ofrecen diferentes medidas preventivas para a presenza de fauna urbana, e que foi elaborada por expertos en bioloxía e enxeñería de montes, non por escopeteiros sen competencias científicas.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Estudar e avaliar métodos 'non letais' de control de fauna silvestre baixo criterios científicos e sociais.
- Implantar os métodos 'non letais' como proba en concellos galegos onde exista a irrupción de fauna silvestre nos entornos urbanos e periurbanos.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/09/2019 11:18:04**  
**Nº Registro: 55118**  
Data envío: 05/09/2019 11:18:04.290

- Estender a instalación dos chamados 'reflectores azuis' nas estradas, autovías e autoestradas galegas para previr accidentes coa fauna silvestre.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Vicevoceiro e deputado do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 05/09/2019 10:30:44**

**Antón Sánchez García na data 05/09/2019 10:31:02**

CSX REGISTROS08VhdE5  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

